

# **Bases do II Premio de Poesía**

## **Xosé María Díaz Castro**

1.- O Concello de Guitiriz, para honrar a memoria do seu ilustre poeta e contribuír á promoción da poesía galega, convoca o II PREMIO *XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA*.

2.- Poderán concorrer a este certame as poetas e os poetas que o desexen, cos seus poemas escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente da Real Academia Galega.

3.- Os poemarios aspirantes ao premio serán de tema e forma libres, cunha extensión mínima de 500 versos. Deberán ser orixinais e estar inéditos na súa totalidade, condición que se estende ao soporte dixital.

4.- Os e as participantes deberán enviar 4 exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao seguinte enderezo:

II PREMIO *XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA*

Concello de Guitiriz

Rúa do Concello, 4, 27300 Guitiriz

5.- As obras concursantes deberán ostentar un título e un lema, que tamén figurará no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI do autor ou autora, o seu teléfono, enderezo postal e correo electrónico, así como un pequeno currículo literario, no caso de que teña obra publicada.

6.- O prazo de presentación das obras remata o día **31 de decembro do 2016**.

7.- A dotación do premio, único e indivisible, que será de 2.000 euros, estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. Se o xurado o considera oportuno, o premio poderá ser declarado deserto. Así mesmo, o xurado poderá designar un ou máis accésits ao Premio que en ningún caso comportarán dotación económica, pero que serán recomendados á editora para a súa posible publicación.

8.- O xurado será designado polo Concello de Guitiriz e estará formado por tres persoas vinculadas á poesía e/ou á crítica literaria galegas. Actuará como secretario/a, con voz e sen voto, un membro da corporación.

9.- O veredicto farase público arredor do 19 de febreiro do 2017, natalicio de Xosé María Díaz Castro, e comunicarase directamente ao gañador ou gañadora. As obras non premiadas poderán ser retiradas polas autoras ou autores nas dependencias do Concello

de Guitiriz no prazo dun mes a contar a partir da data na que o xurado faga pública a súa decisión. Transcorrido este prazo, os orixinais serán destruídos.

**10.-** O Premio inclúe, ademais, a publicación da obra gañadora por Edicións Espiral Maior. O Concello de Guitiriz resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada en todas as linguas do Estado. Nese sentido, o/a autor ou autora renuncia a favor do Concello, na primeira edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor/a. De existir posteriores edicións deberase facer constar que a obra recibiu o II PREMIO *XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO DE POESÍA*.

**11.-** A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases e a interpretación que delas faga o xurado, non admitíndose recurso contra a decisión que este nas súas funcións adopte.

A alcaldesa  
Regina Polín Rodríguez”